

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – ADDENDA

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

CURSO 2021/2022

A **Orde do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establece no artigo 1 a necesidade de actualizar a normativa sobre a avaliación, promoción e titulación nas etapas da educación pre-universitaria, co obxectivo de que se adapte ás modificacións que implanta a LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación) para este curso lectivo.

No **Artigo 7. Avaliación** (Educación Secundaria Obrigatoria), establece dous novidades que hai que reflexar na programación do departamento:

- Art 7.7: “...realizaranse ... tres sesións de avaliación parciais.”

- Art 7.8: “O período entre a terceira avaliación parcial (que se realizará no CPI de Xanceda a semana do 6 de xuño de 2022, data a concretar) e a avaliación final (sinalada para o día 23 de xuño) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Neste sentido, para o alumnado que teña materias ... sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A **calificación definitiva** das materias ou dos ámbitos farase efectiva **na avaliación final de curso**.”

No **artigo 8. Promoción**, establece tamén que o alumnado, que non obstante o período de reforzo, quede ca materia sen superar pero promocióne, deberá seguir un plan de reforzo desta materia, destinado á súa recuperación e á súa superación (Art. 8.3). Dito plan de reforzo seguirá o disposto no **artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No referente ao artigo 7.7, a programación do departamento de X^a e H^a non necesita modificacións. Seguirá existindo tres avaliacións, parciais (xa non ordinarias, como aparece na programación). **As avaliacións parciais consistirán no seguinte:**

Ao longo do curso lectivo hai tres avaliacións parciais.

Para a avaliación parcial terase en conta o traballo diario do alumnado na aula (a través da observación e das probas orais e escritas), o traballo realizado na casa (a través de tarefas) e os exames, que en certos casos poderán ser substituídos por traballos.

Os exames. Poderán ser escritos na clase como feitos a través da Aula Virtual. Cada tema terá o seu propio exame. É obrigatorio o uso da plantilla dada ao principio de curso para facer o exame.

As tarefas: Cada tarefa para casa será realizada de xeito individual e terá unha data límite de entrega, data determinada polo profesor. Cada tarefa entregada fóra desta data terá unha penalización de 0,10 por tarefa. Cada trimestre haberá unha data límite de entrega de calquera tarefa retrasada ou repetida, data establecida polo profesor con suficiente antelación. No curso 2021/22 as **datas límites de entrega de tarefas retrasadas** serán:

- 1ª Avaliación: 19/11/2021
- 2ª Avaliación: 08/03/2022
- 3ª Avaliación: 06/05/2022

Os alumnos serán responsables de non perder ningunha tarefa xa avaliada e as incorporarán á súa libreta; en caso de perda, deberán repetila e volver entregala ao profesor, para a súa corrección. As tarefas serán feitas seguindo as normas de presentación determinadas polo profesor ao principio de curso, en caso contrario, non serán aceptadas ata que a presentación sexa a requirida. O medio de entrega das tarefas será especificado polo docente, dado que pode ir intercambiándose a modalidade de entrega presencial ca telemática.

A **cualificación do alumnado en cada avaliación parcial será a media ponderada entre as tarefas e os exames** ou aquelas probas escritas que substitúan a un exame. **O traballo e esforzo do alumno na aula será tido en conta para subir a nota**

do alumno ata 1 punto por avaliación, sempre mellorando a media ponderada obtida entre as tarefas e os exames. O peso dado a cada apartado é o seguinte:

Tarefas	30%	Tarefas ou deberes feitos na casa ou na aula
Exames	70 %	Probas escritas

No que se refire ao artigo 7.8, a avaliación final. O período entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final será dedicado a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría, tanto para alumnos con tódalas avaliacións parciais aprobadas como con algunha ou todas suspensas. Por esta razón haberá que ter en consideración diferentes supostos:

- **Alumnado cas tres avaliacións parciais aprobadas ou que a nota media aritmética das tres avaliacións sexa un 5 ou superior:** realizarán diferentes tipos de actividades que reflectirán na nota da avaliación final. A realización deste tipo de actividades deberá realizarse respectando os mínimos requiridos de contido e de presentación. A realización satisfactoria deste tipo de actividades axudará a incrementar a nota ata 1,5 puntos na avaliación final. Neste caso, a **calificación da avaliación final será a media aritmética obtida entre as tres avaliación engadíndoselle ata 1,5 punto**, como resultado do traballo realizado neste período entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final.

No caso do alumnado cuxa media aritmética dos tres parciais dea unha calificación negativa, realizaranse as correspondentes actividades de recuperación segundo o deseño previsto no informe de avaliación individualizado. **Neste caso prevense dous supostos:**

1.- **Alumnado con unha ou máis das tres avaliacións parciais non aprobadas**, e que **a nota media sexa igual ou superior a un 3.5**, realizarán diferentes tipos de actividades. A realización deste tipo de actividades deberá realizarse respectando os mínimos requiridos de contido e de presentación. A través delas terán a posibilidade de subir nota ata 1.5 puntos e aprobar a materia na avaliación final.

2.- Alumnado con unha o máis das tres avaliacións parciais con cualificación negativa por debaixo de 3.4 ou menos, realizarán neste período lectivo tarefas de reforzo e apoio nos contidos que o precisen. A realización deste tipo de actividades deberá realizarse respectando os mínimos requiridos de contido e de presentación. No caso de que teñan algunha avaliación aprobada, o reforzo e o apoio irán dirixidos cara a materia con cualificación negativa. Este alumnado deberá realizar unha proba final/exame das avaliacións parciais con cualificación negativa. A nota da avaliación final será o resultado desta proba final/exame. No caso de que esta proba final fora só dalgunha das avaliacións parciais, será a media aritmética entre esta proba final e a/as avaliación/s aprobada/s.

No caso de aquel **alumnado que teña unha avaliación negativa na avaliación final**, pero promocióne (artigo 8.3 da Orde do 25 de xaneiro de 2022), se deseñará un plan de reforzo da materia non aprobada, tendo como referentes os obxectivos da materia e mais a adquisición de competencias, cuxa realización por parte do alumnado será tutorizado polo departamento de Xeografía e Historia.

Esta addenda se incorporará ás actas do Departamento de Historia, á memoria da programación didáctica e se publicará segundo o previsto polo CPI de Xanceda, para o seu coñecemento xeral.

Asinado: Sandra Irsheid Barros – Xefa do Departamento de Xeografía e Historia